



**COMUNICACIÓN PREVIA E AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NON SUXEITAS A LICENZA CONFORME A LEI 2/2016 DO 10 DE FEBREIRO , DO SOLO DE GALICIA**

**1. DATOS DO INTERESADO (promotor das obras e suxeito pasivo)**

|                                     |          |          |                    |
|-------------------------------------|----------|----------|--------------------|
| NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL     |          |          | DNI/CIF            |
| ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS |          |          | CONCELLO           |
| PROVINCIA                           | C.POSTAL | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |

**2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar mediante representante, acreditar representación)**

|                                     |          |          |                    |
|-------------------------------------|----------|----------|--------------------|
| NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL     |          |          | DNI/CIF            |
| ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS |          |          | CONCELLO           |
| PROVINCIA                           | C.POSTAL | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |

**3. DATOS DA OBRA A REALIZAR**

|                                                                                                     |               |                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|----------------------|
| DIRECCIÓN                                                                                           |               |                      |
| LOCALIDADE                                                                                          | CODIGO POSTAL | REFERENCIA CATASTRAL |
| OBJECTO E FINALIDADE DAS OBRAS:                                                                     |               |                      |
| DATA DE INICIO DAS OBRAS (non antes de 15 días hábiles desde a presentación da comunicación previa) |               |                      |
| AS OBRAS REALÍZANSE PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE? SI NON                                 |               |                      |

**4. AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA POR ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS**

| OBJECTO TRIBUTARIO                                                        | TIPO IMPOSITIVO | BASE IMPOÑIBLE<br>Orzamento execución<br>obras SEN IVE (OEM) | COTA TRIBUTARIA   | TOTAL A INGRESAR<br>(CONTA N.º ES38 2080 0122<br>4131 1000 0040 de ABANCA) |
|---------------------------------------------------------------------------|-----------------|--------------------------------------------------------------|-------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| <b>TAXAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS (artigo 7.2 O.F.TAXA-BOP 25/02/2012)</b> | 0,12% DO OEM    |                                                              | (mínimo 30 euros) | (suma de TAXA+ICIO)                                                        |
| <b>ICIO (art. 5 O.F. ICIO BOP 25/02/2012)</b>                             | 2,2 % DO OEM    |                                                              |                   |                                                                            |

OBSERVACIÓNS: .....

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN (Marque cun "X" no caso aplicable)

- DNI/CIF do interesado. No seu caso, acreditación da representación e DNI do representante.
- Xustificante do pago da autoliquidación tributaria correspondente.
- Memoria das obras (Obxecto, uso e finalidade, situación das obras dentro da edificación ou da parcela, dimensións, medidas, materiais e acabados a utilizar, etc.) con plano de situación da obra (plano de catastro, cartografía, SIXPAC ou similar) e fotografías do lugar da actuación.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación, subscrita polo promotor e o técnico autor do proxecto, de ser o caso.
- No seu caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/s técnico/s que autoricen o proxecto de que cumpre en tódolos extremos coa ordenación urbanística de aplicación.
- No seu caso, autorización ou ditame ambiental, informes sectoriais ou outras autorizacións ou concesións administrativas que sexan legarl ou regularmente esixibles.

**Doume por enterado/a do contido da nota informativa que figura ao dorso.**

En Guitiriz, a..... de.....de 20.....  
Asinado:

### **Nota informativa:**

-Se a obra a realizar consiste nalgunha das actuacións do artigo 142.2 da LSG para as que se esixe licenza municipal previa (edificacións, intervencións en bens de interese cultural, demolicións, muros de contención, grandes movementos de terra, parcelacións e segregacións, primeira ocupación, usos residenciais, corta masas arbóreas ou vexetación) non poderá tramitarse como comunicación previa e o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza de obra.

-No suposto de que as obras teñan por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esta circunstancia, e o interesado, logo de rematada a obra, deberá presentar a correspondente comunicación previa de inicio de actividades coa documentación correspondente.

-Aos efectos das responsabilidades a que houbera lugar, infórmase ao interesado que:

O apartado 4 do artigo 69º da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercizo do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

O artigo 158.3 da LSG tipifica como infracción grave a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa; e o artigo 160º da citada Lei, dispón que serán responsables as persoas físicas ou xurídicas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, os técnicos redactores do proxecto e os directores das obras.

-De acordo co disposto no artigo 361.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

☐ O interesado autoriza a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

#### **INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4, 27300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico do Delegado de Protección de Datos [info@concellodeguitiriz.com](mailto:info@concellodeguitiriz.com)

**1.FINALIDADE DO TRATAMENTO:** Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión derivada da mesma. O feito de que no nos facilite parte da información solicitada podería supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

**2.PRAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

**3.LEXITIMACIÓN:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ó realizar a solicitude e o interese público.

**4.DESTINATARIOS DE CESIÓN:** CONCELLO DE GUITIRIZ non cederá datos a terceiros, salvo por obriga legal ou para a correcta prestación do servizo.

**5. DEREITOS:** Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

**6.INFORMACION ADICIONAL:** Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/>